



Lorenzo César Vieites Iglesias gaña o Campionato de Cans de Rastro atrelados de Xabaril "Amigos dos Cans de Caza"

O pasado día 18 de abril disputábase no Tecor Nordés, en Carballo (A Coruña) o Campionato de Cans de Rastro atrelados de Xabaril "Amigos dos Cans de Caza", organizado polo Clube "Amigos dos Cans de Caza".

A proba contou cunha participación total de 27 monteiros, entre os cales destacou Lorenzo César Vieites Iglesias co seu can "Ton", que acadou 265 puntos. Segundo clasificado foi Álvaro Fontenla Filgueira con "Terco" que rematou con 251 puntos. O terceiro posto foi para Carlos Alberto Arnos García, con "Lua" que acadou 248 puntos na proba.

Pos.	Participante	Can	Puntos
1º	Lorenzo C. Vieites Iglesias	Ton	265
2º	Álvaro Fontenla Filgueira	Terco	251
3º	Carlos A. Arnos García	Lua	248
4º	Alvaro Lois Viña	Linda	240
5º	Horacio Calvo Pombo	Trufa	200

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com